

# Outubro 18

**1 de outubro 2018.** 12.30 horas. A valedora estrevístase co alcalde de Caldas de Reis en relación con asuntos obxecto das queixas.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora do Pobo, Adxunto

Lugar de celebración: Dependencias do Valedor do Pobo

**11 de outubro 2018.** 13 horas. Verónica Tourón, voceira do grupo municipal socialista no Concello de Salceda de Caselas reúnese coa valedora do pobo para tratar diferentes problemas detectados nesa localidade en relación cos servizos complementarios de centros escolares e as obras de mellora dos mesmos.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora e coordinadora xeral.

Lugar de celebración: Dependencias do Valedor do Pobo

**17 de outubro 2018.** 10 horas. A valedora do pobo asiste aos actos de conmemoración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza organizados pola Rede EAPN Galicia.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora.

Lugar de celebración: Parlamento de Galicia.

**17 de outubro 2018.** Sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora (presidenta da Comisión) e adxunto (vicepresidente)

Lugar de celebración: Dependencias do Valedor do Pobo

**22-24 de outubro 2018.** Xornadas de Coordinación de Defensores del Pueblo organizadas polo Síndic de Greuges da Comunidade Valenciá.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora, adxunto e persoal técnico.

Lugar de celebración: Alicante

**30 de outubro 2018.** 12.00 a 18.00. Visita institucional da valedora do pobo ao Concello de Boqueixón.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora e persoal técnico.

Lugar de celebración: Casa do Concello (recepción institucional) e CPI Antonio Orza (Lugar do Forte) para o encontro con escolares e veciñanza.

Reunións de equipa no mes de outubro:

1, 8, 15 e 29 de outubro de 2018